



Número de expediente: 2018/NOMFUNCONTEMP/000018

**RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO RELATIVA Á PRÓRROGA DO NOMEAMENTO DE DÚAS TRABALLADORAS SOCIAIS COMO FUNCIONARIAS INTERINAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO PARA A INCLUSIÓN SOCIAL DE PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 4 DE XULLO DE 2016 E DA ORDE DE 18 DE XULLO DE 2017 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2018**

Tras examinar a proposta do concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio relativa á prórroga do nomeamento de dúas funcionarias interinas coa categoría de traballadora social para a execución do proxecto para a inclusión social de persoas en risco de exclusión ao abeiro das Orde de 4 de xullo de 2016 e de 18 de xullo de 2017 da Consellería de Política Social ata o 31/12/2018, resultan relevantes os seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- No DOG núm.135 do 18/07/2016 publicouse a Orde do 4 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2016-2017, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020.

2.- O 28/10/2016 tivo entrada no rexistro xeral municipal a resolución da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia de 21/10/2016, pola que se concede ao Concello de Pontevedra a subvención solicitada ao abeiro da Orde de 4 de xullo de 2016. A subvención concédese para o tipo de programa a contía seguintes:

Tipo de programas	Resolución	Puntos baremo	Importe concedido 2016	Importe concedido 2017	Importe concedido euros
Comunidade xitana	Concedida	51	7.236,00	11.934,00	19.170,00
4.2.c) Exclusión social	Concedida	56	20.592,00	35.915,22	56.507,22

3.- O 27/10/2016 emítese un escrito da concelleira delegada da Área de Benestar Social e Educación, no que, entre outros extremos, se sinala o seguinte:

“(…) Por decreto da Alcaldía de 03/08/2016 acordouse solicitar á Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para *investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión*, unha subvención para o financiamento do custo dos programas que se van desenvolver, estimado segundo os módulos recollidos na orde.

A contía solicitada por formación a persoas en risco de exclusión ascendeu a 25.625,5 e a contía por formación da poboación xitana a 28.773,00€.

Ademais se solicitou o custo de dúas traballadoras sociais durante seis meses (de outubro a marzo) que aplicando o módulo de 19,62€/horas traballada efectivamente recollido na Orde ascendeu ao



importe de 31.509,72€ (15.754,86€ por traballadora social), o que supón aproximadamente un 70% do custe total destas traballadoras por seis meses.

Recíbese notificación da concesión de subvención, Resolución de data 21/10/2016, nos seguintes termos:

Tipo de programas	Resolución	Importe concedido 2016	Importe concedido 2017	Importe concedido euros
Comunidade xitana	Concedida	7.236,00	11.934,00	19.170,00
4.2.c) Exclusión social	Concedida	20.592,00	35.915,22	56.507,22

No crédito concedido en materia de exclusión social se financia tanto a cantidade solicitada para *“accións que se desenvolverán polo método formativo”* como *“atención a través de itinerarios de inclusión sociolaboral con acompañamento para a área de inclusión e emprego”* (formación e persoal).

Tendo en conta todo o sinalado e a data na que nos atopamos considérase necesaria a adscrición a xornada completa das profesionais financiadas aproximadamente nun 70% (dúas traballadoras sociais), a oficina técnica de Benestar Social durante o período de cinco meses (ata o 31/03/2017) coa finalidade de poder realizar a maior celeridade os traballos subvencionados: atención e intervención social individual, itinerarios de inclusión (deseñar e desenvolver itinerarios de inclusión coas persoas usuarias de RISGA, acompañar de xeito individualizado os procesos de inserción social e laboral...) (...)

4.- Tras a tramitación do oportuno expediente de nomeamento, mediante resolución desta concellería de goberno de 18 de novembro de 2016 acordouse declarar xustificada a necesidade urxente e inaprazable de efectuar o nomeamento interino de dúas traballadoras sociais para a execución do proxecto para a inclusión social de persoas en risco de exclusión social ao abeiro da Orde de 4 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social, de conformidade co disposto no artigo 10.1.c) do Real decreto-lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público, e, en consecuencia, nomear a dona María Azucena Malvido Rodríguez, DNI núm. 78739579E, e a dona Yolanda Rodríguez Fernández, DNI núm. 36157312R, traballadoras sociais da escala de administración especial deste Concello, co carácter de funcionarias interinas, integradas no grupo A, subgrupo A-2, coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de clasificación e as complementarias correspondentes ao posto de traballadora social (asimilado grupo A, subgrupo A2, nivel 22), con efectos do día 22 de novembro de 2016, advertindo ás nomeadas que cesarán no posto de forma automática cando teño lugar a finalización da execución do Proxecto para a inclusión social de persoas en risco de exclusión social establecido ao abeiro da Orde de 4 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social, ou nos supostos previstos na lexislación vixente.

5.- O 24/02/2017, a concelleira delegada da Área de Benestar Social e Educación emite unha proposta, na que, entre outros extremos, se sinala o seguinte:

*“(...) Ata a contratación das profesionais financiadas parcialmente ao abeiro da Orde do 4 de xullo de 2016, os servizos sociais deste concello viñan realizando a prestación de inserción social a nivel de atención individualizada a través dos servizos sociais básicos, é dicir, as 9 titulares das unidades de traballo social (UTS) procuraban dar resposta ou derivar ó recurso idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando proxectos de intervención social personalizados, cando se conta con recursos específicos, así como prestacións económicas específicas.*

O instrumento básico de inserción que se conforma dende o concello polas traballadoras sociais é a renda de integración social de Galicia (en adiante RISGA), prestación que incorpora o dereito e o deber a participar en procesos personalizados de inserción.

Coa contratación destas profesionais o concello dispón de recursos humanos que permiten unha atención específica para o desenvolvemento dos itinerarios para perceptores da RISGA.

Ao abeiro da Orde do 04 de xullo de 2016, pola que se establecen as *bases reguladoras de subvencións para investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que*





*desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión* (DOG nº 135 do 18 de xullo de 2016), o concello de Pontevedra obtivo o financiamento de dúas traballadoras sociais destinadas a xestión dos programas dirixidos a Inclusión Social das persoas en situación ou risco de exclusión.

As funcións das traballadoras contratadas son entre outras: diseñar e desenvolver itinerarios de inclusión para o maior número de persoas usuarias da RISGA; acompañar de xeito individualizado os procesos de inserción social e laboral: informar, orientar, mediar, avaliar habilidades persoais e sociais, seguimento dos itinerarios e a súa modificación de selo caso; deseñar e executar actividades de grupo para a capacitación en habilidades persoais, sociais e de busca activa de emprego; sistematizar e manter a información xerada nas intervencións empregando diferentes soportes documentais; emisión de informes de seguimento e de avaliación dos itinerarios que se remitirán ós servizos sociais básicos, con formulación de novos obxectivos, de selo caso; diseñar, coordinar e avaliar diferentes accións formativas cuxa execución se financiará a través da presente convocatoria.

O período subvencionable das traballadoras referidas remata o 31/03/2017.

Feitas as oportunas consultas coa Consellería de Política Social se nos informa de que se está a tramitar a nova convocatoria de subvencións, que terá efecto retroactivo do 01/04/2017, convocatoria amparada pola Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020 que inclúe axudas dirixidas ao investimento en centros de inclusión e emerxencia social, financiadas por fondos Feder do Programa operativo Galicia 2014-2020.

O expediente se atopa todavía en tramitación e é probable que a súa publicación e posterior resolución non teña lugar ata dentro de algúns meses.

É vontade desta Concellería non interrompir o traballo das profesionais contratadas, evitando deste xeito prexuízos aos usuarios, para o que resulta imprescindible que o concello financie, dende o momento do remate da actual convocatoria ata que se resolva a nova, o 100% do custo destas profesionais, se ben se trata dun período do que se descoñece a súa duración; se presume que será antes de finalizalo exercicio 2017.

Débese ter en conta que a convocatoria, como se nos informa, terá carácter retroactivo polo que o financiamento íntegro terá carácter provisional.

No suposto de que finalizado o ano non se teña publicada a nova convocatoria o concello procedería a resolver as contratacións realizadas, toda vez que as mesmas están vinculadas a execución do Proxecto para a inclusión social de persoas en risco de exclusión social (...)"

6.- Tras a tramitación do oportuno expediente, mediante resolución do concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio do 30 de marzo de 2017 acordouse prorrogar excepcionalmente ata o 31/12/2017 o nomeamento de dona María Azucena Malvido Rodríguez, DNI núm. 78739579E, e de dona Yolanda Rodríguez Fernández, DNI núm. 36157312R, dúas traballadoras sociais interinas adscritas á Oficina Técnica de Benestar Social para a execución do proxecto para a inclusión social de persoas en risco de exclusión ao abeiro da Orde de 4 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social e a resolución do 21/10/2016 da Dirección Xeral de Inclusión Social da dita consellería, á espera de que se produza a convocatoria e posterior concesión dunha nova subvención para o financiamento destes nomeamentos pola Xunta de Galicia.

En todo caso, cómpre advertir que, de non producirse a citada convocatoria e posterior concesión dunha nova subvención para o financiamento destes nomeamentos pola Xunta de Galicia, estas funcionarias interinas cesarán o 31/12/2017, non cabendo novas prórrogas con cargo aos orzamentos municipais. De todos modos, advírtese ás nomeadas que cesarán nos seus postos de forma automática cando teño lugar a finalización da execución do Proxecto para a inclusión social de persoas en risco de exclusión social establecido ao abeiro da Orde de 4 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social, ou nos supostos previstos na lexislación vixente.

7.- O 17/11/2017, o xefe do Servizo de Benestar Social e Promoción Económica emite un informe no que, entre outras cuestións, sinala o seguinte:

"(...) Ata a contratación das profesionais financiadas parcialmente ao abeiro da Orde do 4 de xullo de Michelena, 30; 36071-Pontevedra; 986100185



2016, os servizos sociais deste concello viñan realizando a prestación de inserción social a nivel de atención individualizada a través dos servizos sociais básicos, é dicir, as 9 titulares das unidades de traballo social (UTS) procuraban dar resposta ou derivar ó recurso idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando proxectos de intervención social personalizados, cando se conta con recursos específicos, así como prestacións económicas específicas.

O instrumento básico de inserción que se conforma dende o concello polas traballadoras sociais é a renda de integración social de Galicia (en adiante RISGA), prestación que incorpora o dereito e o deber a participar en procesos personalizados de inserción.

Coa contratación destas profesionais o concello dispón de recursos humanos que permiten unha atención específica para o desenvolvemento dos itinerarios para perceptores da RISGA.

Ao abeiro da Orde do 04 de xullo de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión (DOG nº 135 do 18 de xullo de 2016), o concello de Pontevedra obtivo o financiamento de dúas traballadoras sociais destinadas a xestión dos programas dirixidos a inclusión social das persoas en situación ou risco de exclusión.

As funcións das traballadoras contratadas son entre outras: deseñar e desenvolver itinerarios de inclusión para o maior número de persoas usuarias da RISGA; acompañar de xeito individualizado os procesos de inserción social e laboral: informar, orientar, mediar, avaliar habilidades persoais e sociais, seguimento dos itinerarios e a súa modificación de selo caso; deseñar e executar actividades de grupo para a capacitación en habilidades persoais, sociais e de busca activa de emprego; sistematizar e manter a información xerada nas intervencións empregando diferentes soportes documentais; emisión de informes de seguimento e de avaliación dos itinerarios que se remitirán ós servizos sociais básicos, con formulación de novos obxectivos de selo caso; deseñar, coordinar e avaliar diferentes accións formativas cuxa execución se financiará a través da presente convocatoria.

O período subvencionable das traballadoras referidas remataba o 31/03/2017, mais tras proposta do 24/02/2017 deuselle continuidade ao seu traballo ata o 31/12/2017.

A Consellería de Política Social por Resolución do director xeral de Inclusión Social concedeu a subvención solicitada polo Concello de Pontevedra no expediente 201//SOLAX/000020. Esta nova subvención abarcaría des o 01/04/2018 ata o 30/06/2018, todo elo enmarcado na Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020, que inclúe axudas dirixidas ao Investimento en centros de inclusión e emerxencia social, financiadas por fondos Feder do Programa operativo Galicia 2014-2020.

É por isto que SOLICITO QUE:

Se dea continuidade as dúas traballadoras contratadas ata o 30/06/2018.

No suposto de que finalizado mes de xuño de 2018 non se teña publicada a nova convocatoria o concello procedería a resolver as contratacións realizadas, toda vez que as mesmas están vinculadas a execución do Proxecto para a inclusión social de persoas en risco de exclusión social (...)"

8.- O 23/11/2017 emítese proposta polo concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio na que se propón que se inicie o expediente para prorrogar ata o 30/06/2018 o nomeamento das dúas traballadoras sociais interinas adscritas á Oficina Técnica de Benestar Social para a execución do proxecto para a inclusión social de persoas en risco de exclusión ao abeiro da Orde de 4 de xullo de 201 e do 18 de xullo de 2017 da Consellería de Política Social e a resolución do da Dirección Xeral de Inclusión Social da dita consellería.

En todo caso, cómpre advertir que, de non producirse un nova convocatoria e posterior concesión dunha nova subvención para o financiamento destes nomeamentos pola Xunta de Galicia, estas funcionarias interinas cesarán o 30/06/2018.

9.- O 30/05/2018, o xefe do Servizo de Benestar Social e Promoción Económica presenta unha nova





solicitude na que, entre outros extremos, recolle o seguinte:

“(…) Ata a contratación das profesionais financiadas parcialmente ao abeiro da Orde do 4 xullo de 2016, os servizos sociais deste concello viñan realizando a prestación de inserción social a nivel de atención individualizada a través dos servizos sociais básicos, é dicir, as 9 titulares das unidades de traballo social (UTS) procuraban dar resposta ou derivar ó recurso idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando proxectos de intervención social personalizados, cando se conta con recursos específicos, así como prestacións económicas específicas.

O instrumento básico de inserción que se conforma dende o concello polas traballadoras sociais é a renda de integración social de Galicia (en adiante RISGA), prestación que incorpora o dereito e o deber a participar en procesos personalizados de inserción.

Coa contratación destas profesionais o concello dispón de recursos humanos que permiten unha atención específica para o desenvolvemento dos itinerarios para perceptores da RISGA.

Ao abeiro da Orde do 18 de xullo de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión (DOG nº 140 do 24 de xullo de 2017), o concello de Pontevedra obtivo o financiamento de dúas traballadoras sociais destinadas a xestión dos programas dirixidos a Inclusión Social das persoas en situación ou risco de exclusión.

As funcións das traballadoras contratadas son entre outras: deseñar e desenvolver itinerarios de inclusión para o maior número de persoas usuarias da RISGA; acompañar de xeito individualizado os procesos de inserción social e laboral: informar, orientar, mediar, avaliar habilidades persoais e sociais, seguimento dos itinerarios e a súa modificación de selo caso; deseñar a executar actividades de grupo para a capacitación en habilidades persoais, sociais e de busca activa de emprego; sistematizar e manter a información xerado nas intervencións empregando diferentes soportes documentais; emisión de informes de seguimento e de avaliación dos itinerarios que se remitirán ós servizos sociais básicos, con formulación de novos obxectivos, de selo caso; deseñar, coordinar e avaliar diferentes accións formativas cuxa execución se financiará a través da presente convocatoria.

A Consellería de Política Social por Resolución do director xeral de Inclusión Social concedeu a subvención solicitada polo Concello de Pontevedra no expediente 2017/SOLAX/000020. Esta subvención abarcaría desde o 01/04/2017 ata o 30/06/2018, todo elo enmarcado na Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020 que inclúe axudas dirixidas ao investimento en centros de inclusión e emerxencia social, financiadas por fondos Feder do Programa operativo Galicia 2014-2020.

É por iso que SOLICITO QUE:

Se dea continuidade ás dúas traballadoras contratadas ata nova Resolución do director xeral da Consellería de Política Social. No suposto de que non se teña publicada a nova convocatoria o concello procedería a resolver as contratacións realizadas, toda vez que as mesmas están vinculadas a execución do Proxecto para a inclusión social de persoas en risco de exclusión social (...).”

10.- O 31/05/2018 emítese proposta do concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio na propón que se inicie o expediente para prorrogar excepcionalmente ata o 31/12/2018 o nomeamento das dúas traballadoras sociais interinas adscritas á Oficina Técnica de Benestar Social para a execución do proxecto para a inclusión social de persoas en risco de exclusión ao abeiro da Orde de 18 de xullo de 2017 da Consellería de Política Social e as resolucións da Dirección Xeral de Inclusión Social da dita consellería, á espera de que se produza a convocatoria e posterior concesión dunha nova subvención para o financiamento destes nomeamentos pola Xunta de Galicia.

En todo caso, cómpre advertir que, de non producirse a citada convocatoria e posterior concesión dunha nova subvención para o financiamento destes nomeamentos pola Xunta de Galicia, estas funcionarias interinas cesarán o 31/12/2018, non cabendo novas prórrogas con cargo aos orzamentos municipais.

Por último, cómpre sinalar nesta proposta expresamente a conveniencia de que, de ser necesario, os custes destes nomeamentos se realicen **con cargo ás partidas orzamentarias que financian as prazas**



que se atopan vacantes na actualidade.

11.- Tras emitir informe polo Servizo de Persoal, a Intervención Xeral municipal emite un informe onde, entre outros extremos, se recolle o seguinte:

**“(...) 3.- RESULTADO DA FISCALIZACIÓN**

Polo anteriormente exposto infórmase o expediente de conformidade polo que procede continuar a tramitación do mesmo.

**OBSERVACIÓNS**

Así mesmo fórmulanse as seguintes observacións que non suspenden o procedemento pero deberán ser tidas en conta:

O nomeamento inicial realizouse por resolución do Concelleiro de goberno responsable da Área de persoa, Réxime Interior e Patrimonio de 18 de novembro de 2016, como traballadoras sociais da escala de administración especial deste Concello, co carácter de funcionarias interinas, de dona María Azucena Malvido Rodríguez e dona Yolanda Rodríguez Fernández, con efectos do día 22 de novembro de 2016.

O mesmo realizouse ao amparo da subvención concedida por Resolución do Director Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, de data 21 de outubro de 2016, no marco da Orde de 04 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social (D.O.G. Nº 135, de 18 de xullo de 2016), na que se establecen as bases reguladoras das subvencións para investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas a desenvolver polas Corporacións Locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2016/2017 cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o Fondo Social Europeo 2014/2020.

Por resolución de data 30 de marzo de 2017 do Concelleiro da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, acordouse unha prórroga excepcional ata o 31 de decembro de 2017, a mesma financiábase con recursos propios.

Posteriormente notificase resolución da subdirectora xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, de data 9 de novembro de 2017, concédese retroactivamente subvención para o período de tempo comprendido entre o 1 de abril de 2017 e o 30 de xuño de 2018, polo que na actualidade propónse a prórroga dos nomeamentos para os 6 MESES de 2018 non previstos inicialmente.

O financiamento desta prórroga realizase segundo o informe do OXPC 56TOXPC/2018 do 26 de xuño de 2018, con fondos propios, por estar á espera de que se produza a convocatoria e posterior concesión dunha nova subvención para o financiamento pola Xunta de Galicia, destes nomeamentos. De conformidade coa proposta do Concelleiro de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, a vixencia dos nomeamentos propostos será ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo de que poidan ampliarse se se sigue a manter a subvención concedida, sen que, en ningún caso os nomeamentos poidan exceder de 3 anos, tal e como prevé o artigo 10.1.c) do TRLEBEP e o 23.1.c) da LEPG (...).”

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

Primeiro.- O artigo 10.1.c) do Real decreto-lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público (TREBEP) dispón que son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira cando se trate da execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a 3 anos, ampliable ata 12 meses máis polas leis de función pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto.

O procedemento de selección de funcionarios interinos deberá realizarse mediante procedementos





áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O cese producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento.

Segundo.-A lei 2/2015 do emprego público de Galicia, dispón, no seu artigo 23.1.c) que poderá nomearse funcionarios interinos para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración. O prazo máximo de duración da interinidade se fará constar expresamente no nomeamento e non poderá ser superior a tres anos, ampliables ata 12 meses máis se o xustificara a duración do correspondente programa.

No artigo 24.1 da lei 2/2015 sinálase que a selección do persoal funcionario interino realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrència.

Así mesmo, o artigo 24.2 dispón que o cesamento do persoal funcionario interino producirase, ademais de polas causas que determinan a perda de condición de funcionario de carreira, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento; por amortización do posto que ocupe; por adscrición provisional ao posto de persoal funcionario de carreira ou provisión definitiva do posto por persoal funcionario de carreira; por transcurso do prazo máximo de duración do nomeamento; por incumprimento sobrevido dos requisitos exixidos para o desempeño do posto e pola reincorporación da persoa titular do posto, no suposto da súa substitución transitoria.

O cesamento do persoal funcionario interino non dá lugar a indemnización, agás no casos en que por causa del a persoa cesada non poida facer efectivo o seu dereito a vacacións nos termos previstos polo artigo 132 desta lei.

Por outra banda, o artigo 25.1 establece que ao persoal interino élle aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do persoal funcionario de carreira e, no seu apartado 4 sinala que a prestación de servizos en réxime interino non constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira, porén, malia o anterior, o tempo de servizos prestados computarase nos supostos de concurso-oposición, nos termos que se establezan na correspondente convocatoria.

Terceiro.- Pola súa parte, no que respecta á Administración Local a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, dispón no artigo 246 que se poderá efectuar nomeamentos de persoal funcionario interino para prazas vacantes sempre que non sexa posible, coa urxencia esixida polas circunstancias, a prestación do servizo con funcionarios de carreira e que o persoal debe reunir os requisitos xerais de titulación e demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso como funcionarios de carreira, debendo cesar cando a praza sexa cuberta en propiedade ou cando a corporación considere que cesaron as razóns de urxencia que motivaron a cobertura interina.

Cuarto.- Non obstante, o réxime xurídico exposto nos apartados anteriores, cómpre recordar o disposto no artigo 19.Dous da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, de aplicación a todas as administracións públicas, segundo o cal durante o ano 2017 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos, agás nos casos excepcionais, e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

No presente suposto, esta circunstancia xa queda acreditada no expediente tramitado para o nomeamento das dúas traballadoras sociais cuxa prórroga se propón acordar.

Quinto.- Cuarto.- O artigo 11.1.a) da Orde de 4 de xullo de 2016 establecía que eran gastos subvencionables os gastos de persoal, incluíndose os gastos de persoal propio da entidade (serían subvencionables as retribucións totais correspondentes á execución do programa, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social e a parte proporcional da paga extraordinaria que lle corresponda. A identificación da actuación que se subvenciona deberá constar no contrato de traballo ou nunha asignación previa de funcións directas, tanto no caso de que a xornada de traballo estea integramente destinada á execución da dita actuación como no caso de dedicación parcial) e os traballadores/as por conta propia con contrato para a realización de actividades de formación.



De igual xeito, o artigo 7.1.a.1º.1 da Orde do 18 de xullo de 2017, en base á cal se ditou unha resolución concedendo a esta administración unha subvención para a financiación de dúas traballadoras sociais para a execución do programa para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, desde o 01/04/2017 ata o 30/06/2018, establecen que son gastos subvencionables os gastos de persoal propio da entidade, incluíndo as retribucións totais correspondentes á execución do programa, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social e a parte proporcional da paga extraordinaria que lle corresponda.

Sexto.- É competencia do Alcalde exercer a superior dirección do persoal ao seu servizo consonte o previsto no artigo 124.4.i) da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local e o artigo 13.2.i) do Regulamento orgánico do goberno e administración municipal publicado no BOP núm.248 do 28 de decembro de 2005.

Por Decreto da Alcaldía de 21 de abril de 2017 delegouse no concelleiro de goberno Responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio as decisións, propostas e trámites en materia de persoal que sexan competencia da Alcaldía, así como o seguimento e control do cumprimento dos dereitos e deberes do persoal ao servizo do concello.

Atendendo ó exposto, esta Concellería de goberno no exercicio das súas atribucións delegadas,

#### **RESOLVE:**

Primeiro.- Prorrogar ata o 31/12/2018 o nomeamento de dona María Azucena Malvido Rodríguez, DNI núm. 78739579E, e de dona Yolanda Rodríguez Fernández, DNI núm. 36157312R, dúas traballadoras sociais interinas adscritas á Oficina Técnica de Benestar Social para a execución do proxecto para a inclusión social de persoas en risco de exclusión ao abeiro da Orde de 4 de xullo de 2016 e da Orde de 18 de xullo de 2017 da Consellería de Política Social e as resolucións da Dirección Xeral de Inclusión Social da dita consellería, á espera de que se produza a convocatoria e posterior concesión dunha nova subvención para o financiamento destes nomeamentos pola Xunta de Galicia.

Así o ordena e dispón o concelleiro de goberno responsable da Área de Persoa, Réxime Interior e Patrimonio por delegación do Excmo. Sr. Alcalde, perante o secretario da administración municipal, que DA FE da precedente Resolución.

